



CONCELLERÍA DE FORMACIÓN E CONCELLERÍA DE NOVAS TECNOLOXÍAS CONVOCATORIA ABERTA PARA ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE FORMACIÓN AULA CEMIT

Destinatarios/as: empadroados/as en Narón, maiores de 16 anos. O requisito do empadramento será verificado o último día do prazo de presentación de solicitudes e o da idade terá que cumprirse no primeiro día do curso.

Lugar de presentación de solicitudes: Rexistro Xeral do Concello de Narón, de 8:30 a 13:30 horas.

Formulario de solicitudes: Dispoñible no Rexistro Xeral e na Sede Electrónica do Concello de Narón.

Prazo de solicitudes: desde o 5 de febreiro ás 8:30 horas ao 15 de febreiro de 2018, ás 13:30 horas.

Selección do alumnado: Por rigorosa orde de inscrición. Se lles comunicará telefonicamente a súa admisión como alumno/a cunha antelación mínima de 3 días naturais antes do inicio de cada curso, sempre que cumpran os requisitos de acceso. Ademais, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello o listado de persoas admitidas, suplentes e excluídas.

Reservaranse tres prazas de derivación polo Servizo Sociocomunitario. De non cubrirse estas prazas, quedarían vacantes para ser cubertas a través das solicitudes rexistradas por orde de inscrición.

O alumnado seleccionado terá que comprometerse a cumprir as normas dos cursos.

O concello resérvase a posibilidade de anular estas accións formativas no caso de que non se cubra o 70% da participación prevista.

Información Servizo Sociocomunitario:

Ángela Lagoa: Teléfono: 981 337 700 ext. 1123

E na sección de *servizos, formación e actividades municipais* da páxina web do Concello.

Ámbito de inclusión tecnolóxica (652 horas)

Código	Título	Lugar	Núm. alumnos/as	Horas	Horarios e datas previstas
<u>OFIMÁTICA BÁSICA</u>					
001/18	<u>Iniciación</u> Internet e correo	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	30	Do 19 ao 28 de febreiro. De L-V, de 9:30 a 13:30 horas, agás o último día que será ata as 11:30 h.
002/18	<u>Iniciación</u> Tratamento de textos	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	50	Do 1 ao 19 de marzo. De L-V, de 9:30 a 13:30 horas, agás o último día que será ata as 11:30 h..
003/18	<u>Iniciación</u> Follas de cálculo	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	50	Do 20 de marzo ao 9 de abril. De L-V, de 9:30 a 13:30 horas, agás o último día que será ata as 11:30 h.
004/18	<u>Iniciación</u> Bases de datos	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	40	Do 10 ao 23 de abril. De L-V, de 9:30 a 13:30 horas.
005/18	<u>Iniciación</u> presentacións gráficas	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	30	Do 24 de abril ao 4 de maio. De L-V, de 9:30 a 13:30 horas, agás o último día que será ata as 11:30 h.
<u>OFIMÁTICA AVANZADA</u>					
006/18	Internet e almacenamento na nube	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	30	Do 19 ao 28 de febreiro. De L-V, de 16:00 a 20:00 horas, agás o último día que será ata as 18:00 h.
007/18	Tratamento de textos <u>avanzado</u>	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	50	Do 1 ao 19 de marzo. De L-V, de 16:00 a 20:00 horas, agás o último día que será ata as 18:00 h.
008/18	Follas de cálculo <u>avanzado</u>	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	50	Do 20 de marzo ao 9 de abril. De L-V, de 16:00 a 20:00 horas, agás o último día que será ata as 18:00 h.
009/18	Bases de datos <u>avanzado</u>	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	40	Do 10 ao 23 de abril. De L-V, de 16:00 a 20:00 horas.
010/18	Presentacións <u>avanzadas</u>	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	30	Do 24 de abril ao 4 de maio. De L-V, de 16:00 a 20:00 horas, agás o último día que será ata as 18:00 h.

Código	Título	Lugar	Núm. alumnos/as	Horas	Horarios e datas previstas
<u>MARKETING EN LIÑA</u>					
011/18	Comunicación Social Media	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	40	Do 19 de febreiro ao 6 de abril. Os luns, mércores e venres, de 20:00 a 22:00 horas.
012/18	Comunicación Social Media	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	40	Do 20 de febreiro ao 3 de maio. Os martes e xoves, de 20:00 a 22:00 horas.
013/18	Google adwords	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	28	Do 9 de abril ao 9 de maio. Os luns, mércores e venres, de 20:00 a 22:00 horas.
014/18	Google adwords	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	28	Do 8 de maio ao 26 de xuño. Os martes e xoves, de 20:00 a 22:00 horas.
<u>UTILIDADES PRÁCTICAS NOVAS TECNOLOXÍAS</u>					
015/18	Trámites e compras en liña	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	20	Do 7 ao 11 de maio. De L-V, de 16:00 a 20:00 horas
016/18	Edición de imaxes con GIMP	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	36	Do 7 ao 18 de maio. De L-V, de 9:30 a 13:30 horas.
017/18	Busca de emprego en internet	Aula Cemit (Xuvia)	Máximo 12	60	Do 21 de maio ao 8 de xuño. De L-V, de 9:30 a 13:30 horas.

Días non lectivos: 29 e 30 de marzo. 1 e 17 de maio

CONTIDO CURSO COMUNICACIÓN SOCIAL MEDIA

- Introducción ao *copywriting*, a arte de escribir textos comerciais para as redes sociais
- Diferenzas de escribir para persoas, para Google, Facebook e outros medios de comunicación
- Empatizar, emocionar e conectar para convencer
- Captar a atención e mantela ata o final
- *Storytelling*, o como ser memorable
- Títulos, como redactar títulos que atraian e compartibles
- *Copywriting* para fichas de produto e servizos
- Como, onde e cando compartir os teus contidos en redes sociais.

CONTIDO CURSO GOOGLE ADWORDS

- Diferenzas entre SEO e SEM e como se complementan
- Introducción á publicidade por clic e poxa
- Creación de campañas
- Optimización de anuncios
- Campañas, grupos de anuncios e anuncios
- Palabras clave (*keywords*)
- Configuración avanzada
- Anuncios mellorados (Extensións)
- Automatización e creación de regras